

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, a C.E.E.I. Galicia SA (BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real Decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de alcalde do Concello do Porriño, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de todos os servizos administrativos, dito ficheiro manterase, conservarse e actualizarse polos axentes de promoción económica.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento: mixto

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

O Porriño, a 17 de xaneiro de 2012.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2012002009

\* \* \*

## SILLEDA

### A N U N C I O

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da Provincia nº 243 de data 21 de decembro de 2011 do anuncio relativo a aprobación inicial da "Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa polo uso de inmobles municipais, para o desenvolvemento de actividades artísticas, culturais e lucrativas", sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación inicial a definitiva, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tenor literal seguinte:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO DE INMOBLES MUNICIPAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, SOCIO-CULTURAI E LUCRATIVAS.**

##### *ARTIGO 1. FUNDAMENTOS E NATUREZA.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo uso de determinados inmobles municipais para o desenvolvemento de actividades artísticas, sociais, culturais e lucrativas

##### *ARTIGO 2. OBXECTO.*

É obxecto desta ordenanza é a regulación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial de inmobles municipais, como ben de uso público para o desenvolvemento de actividades artísticas, sociais, culturais e lucrativas, sempre que o uso solicitado non sexa incompatible co destino

principal do ben que se peticiona, sempre que non conten cunha Ordenanza específica do mesmo obxecto ou a utilización do local, edificio ou instalación municipal estivese regulada por un contrato específico.

Non constitúe feito impoñible e polo tanto queda fora do ámbito desta Ordenanza aquelas actividades propostas, promovidas ou nas que o Concello colabore.

Do mesmo xeito, queda fóra do ámbito obxectivo da presente Ordenanza a utilización de locais, edificios ou instalacións municipais cando ésta estivera regulada por un contrato ou convenio específico.

#### ARTIGO 3. *NORMAS DE XESTIÓN.*

1. As cotas tributarias exixibles conforme ás tarifas establecidas na presente Ordenanza, liquidaranse por cada uso ou aproveitamento solicitado ou realizado, o cal non poderá exceder de tres días consecutivos, salvo acordo da Xunta de Goberno Local.

2. Os suxeitos pasivos interesados deberán presentar solicitude de utilización cunha antelación mínima de vinte días á data do inicio do uso ou aproveitamento especial, fóra daqueles supostos que se consideren de urxencia ou para os que de foma fidedigna sexa imposible tramitar a correspondente solicitude.

3. Á solicitude deberán acompañar: proxecto detallado da actividade artística, sociocultural ou lucrativa que pretenda, expresión das datas e horario de desenvolvemento da mesma, do número de persoas que han de intervir e das instalacións adicionais precisas.

4. A solicitude será resolta pola Xunta de Goberno Local no prazo de quince días contados desde a data en que se formule aquela. Nos supostos excepcionais previstos no apartado 2, nos que non sexa posible convocar sesión de Xunta de Goberno

Local para resolver en prazo a correspondente solicitude de uso, ditarase Decreto/Resolución da Alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue, dando conta ao devandito órgano colexiado na seguinte reunión que este celebre.

En todo caso é facultade discrecional do Concello o otorgamento ou denegación das solicitudes, atendendo ao obxecto da petición, interés artístico e oportunidade da petición. Do mesmo xeito, poderase revocar a autorización concedida sempre que medie un preaviso cunha antelación mínima de sete días e a sala teña unha utilización institucional ou de patrocinio oficial.

No caso de non resolverse no prazo de 15 días entenderáse denegada a solicitude.

#### ARTIGO 4. *SUXEITOS PASIVOS.*

Son suxeitos pasivos aqueles que soliciten o uso privativo ou aproveitamento especial do inmovible obxecto da presente Ordenanza.

#### ARTIGO 5. *RESPONSABLES.*

1.—A responsabilidade tributaria será asumida nos termos establecidos no artigo 41 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables solidarios ou subsidiarios, as persoas ou entidades a que se refiren respectivamente, os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo de que as leis establezan outros supostos de responsabilidade solidaria e subsidiaria distintos aos previstos nos preceptos citados.

3.—O procedemento para declarar e esixir a responsabilidade solidaria ou subsidiaria será o previsto, respectivamente, nos artigos 175 e 176 da Lei Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 6. *EXENCIONS E BENEFICIOS FISCAIS.*

Son supostos de exención aqueles en que, a pesar de realizarse o feito impoñible, a Lei exime do cumprimento da obrigaición tributaria principal, conforme ao establecido no artigo 22 da Lei Xeral Tributaria.

Están exentos da taxa cando as actividades se realícen:

1. Polos grupos políticos e agrupacións de electores e sindicatos.
2. Polas Asociacións ou Entidades de carácter benéfico, educativo ou asistencial sen ánimo de lucro que presten servizos xerais de natureza social, cultural, educativa ou ambiental e que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
3. Por asociacións veciñais para a celebración de reunións periódicas en cumprimento dos seus fins estatutarios.

A exención da taxa requirirá a autorización preceptiva por parte do órgano competente.

#### *ARTIGO 7. DEVENGO*

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde que se notifica a correspondente autorización de uso ou aproveitamento do inmovible.

#### *ARTIGO 8. PAGAMENTO DA COTA.*

O suxeito pasivo está obrigado a ingresar o importe da cota no prazo de cinco días, contados desde a data en que lle sexa notificada a autorización e, en todo caso, con anterioridade á celebración do evento. No caso de non realizar o pago da

taxa, a autorización quedará sen efecto. Cando o suxeito pasivo renunciase con menos de 48 horas de antelación ou non fixese uso das instalacións non terá dereito á devolución das taxas.

#### *ARTIGO 9. OBRIGAS E DEREITOS DO SUXEITO PASIVO.*

Os suxeitos pasivos terán dereito e obriga do uso ou aproveitamento normal do inmovible con todas as súas dotacións, isto é, conforme co destino principal do dominio público a que afecte, baixo a supervisión e directrices deste Concello, nos termos, limitacións e requisitos que se establezan na licenza respectiva.

#### *ARTIGO 10. CONDICIÓN DE USO DOS LOCAIS E INSTALACIÓNS.*

Os usuarios de edificios, locais e instalacións municipais velarán pola súa limpeza e orde, de tal xeito que, logo de cada período diario de uso ou despois do uso puntual para o que se cedeu, procederán á súa limpeza e ordenación do mobiliario e elementos interiores, de forma que poidan ser inmediatamente utilizados por outros solicitantes.

Así mesmo, calquera uso dos edificios, locais e instalacións municipais estará supeditado ao funcionamento habitual dos servizos públicos e das actividades propias desenvolvidas no edificio, local ou instalación, con prioridade destes últimos.

A resolución poderá esixir a constitución de fianza en calquera das formas legalmente admitidas. En tal caso, a fianza responderá do cumprimento das obrigas de bo uso e restitución dos edificios, locais e instalacións municipais á situación anterior ao momento da cesión. Así mesmo, garantirá a indemnización de danos e prexuízos cando deban responder os usuarios dos que efectivamente se produzan nos edificios, locais e instalacións cedidos. Tamén responderá do pagamento das sancións que poidan imporse en virtude da aplicación da presente Ordenanza.

En idéntico sentido, dependendo da utilización que se pretenda dar ao local, a resolución poderá esixir ao particular a contratación dunha póliza de responsabilidade civil suficiente, non permitíndose a utilización mentres non se acredite obter aquela.

A resolución poderá ademais, impor condicións particulares en función ás especiais características do ben demanial utilizado, ás circunstancias da actividade a desenvolver, en relación ao aforamento máximo permitido, restricións ao acceso de menores ou outras limitacións; en especial, as derivadas da normativa vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

*ARTIGO 11. COMPROBACIÓN MUNICIPAL DO CUMPRIMENTO DO USO ADECUADO.*

O Concello poderá practicar cantas comprobacións considere oportunas aos efectos do cumprimento das obrigas dos usuarios establecidas nesta Ordenanza e demais lexislación vixente.

Unha vez comprobado o cumprimento polos usuarios das obrigas establecidas nesta Ordenanza, a inexistencia de danos e prexuízos e a non procedencia de imposición de sancións, o Concello procederá á devolución da fianza, no caso de que fose esixida a súa constitución. En caso contrario, procederá a esixir as responsabilidades a que houber lugar. A fianza destinarase en tal suposto a cubrir a de carácter pecuniario que puidese derivarse do incumprimento das obrigacións establecidas nesta Ordenanza, dos danos e prexuízos causados e das sancións que procedan.

*ARTIGO 12. TARIFAS.*

As contías do prezo regulado nesta Ordenanza será a fixada na seguinte tarifa, dependendo das instalacións; así:

*1.—Casa da Cultura de Silleda**Aulas:*

Polo uso ou aproveitamento do inmovible ata 6 h/día . . . . .	2 €/hora.
A partir da 6ª hora e ata un máximo de 8 horas ao día . . . . .	2,5 €/hora.
Por día completo . . . . .	20 €/día.

*Salón de actos:*

Polo uso ou aproveitamento do inmovible ata 6 h/día . . . . .	10 €/hora.
A partir da 6ª hora e ata un máximo de 8 horas ao día . . . . .	15 €/hora.
Por día completo . . . . .	100 €/día.

*2.—Casa da Xuventude**Aulas:*

Polo uso ou aproveitamento do inmovible ata 6 h/día . . . . .	2 €/hora.
A partir da 6ª hora e ata un máximo de 8 horas ao día . . . . .	2,5.€ /hora.
Por día completo . . . . .	20 €/día.

*Salón de actos:*

Polo uso ou aproveitamento do inmovible ata 6 h/día . . . . .	4 €/hora.
A partir da 6ª hora e ata un máximo de 8 horas ao día . . . . .	5.€ /hora.
Por día completo . . . . .	40 €/día.

*3.—Auditorio Manuel Dopazo**Aulas:*

Polo uso ou aproveitamento do inmovible ata 6 h/día . . . . .	2 €/hora.
A partir da 6ª hora e ata un máximo de 8 horas ao día . . . . .	2,5.€ /hora.
Por día completo . . . . .	20 €/día.

*Auditorio:*

Polo uso ou aproveitamento do inmovible ata 5 h/día . . . . .	15 €/hora.
A partir da 6ª hora e ata un máximo de 8 horas ao día . . . . .	20 €/hora.
Por día completo . . . . .	150 €/día.

*4. – Mosteiro de Carboeiro*

Polo uso ou aproveitamento do inmovible ata 5 h/día . . . . .	30€/hora.
A partir da 6ª hora e ata un máximo de 8 horas ao día . . . . .	40€/ hora.
Por día completo . . . . .	300€/día.

*ARTIGO 13. GASTOS ALLEOS AO USO PÚBLICO DOS LOCAIS.*

Os gastos engadidos á cesión do local, edificio ou instalación municipal, e que se relacionen co tipo de actividade correrán a cargo da entidade solicitante, a saber:

- Megafonía, publicidade, proxeccións, pagamento a conferenciantes, adornos e outros análogos.
- Outros gastos engadidos pola apertura dun local, edificio ou instalación municipal fóra dos horarios establecidos polo Concello para as devanditas instalacións.

*ARTIGO 14. RESPONSABILIDADE DE USO*

1. Cando pola utilización dalgún dos edificios, estes sufrisen dano ou deterioro, o beneficiario da licenza estará obrigado a pagar, sen prexuízo do pagamento da taxa, o custo íntegro dos gastos de reparación ou reconstrución, ou se foren irreparables á súa indemnización. Esta mesma responsabilidade alcanzará ao beneficiario nos casos de cesión gratuíta.

2. As devanditas cantidades non poderán ser condonadas total nin parcialmente.

3. Se foren varios os ocupantes, todos eles responderán conxunta e solidariamente do pagamento da taxa, da indemnización dos danos e prexuízos que ocasionen nos locais, instalacións e bens que neles puidesen atoparse e das sancións que, no seu caso, puidésense impor

*ARTIGO 15. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS*

1. As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto na Lei Xeral Tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

2. A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas non prescritas.

*Disposición Final*

A presente Ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir de entón, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

Silleda, a 13 de febreiro de 2012. – A Alcaldesa-Presidenta, Paula Fernández Pena.

2012001776

**A N U N C I O**

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da provincia de anuncio relativo a aprobación inicial da “ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA E VISITA AO MOSTEIRO DE CARBOEIRO”, sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suxestión, elévase tal aprobación inicial a definitiva, procedéndose, de conformidade co determinado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a súa publicación íntegra, que é do tenor literal seguinte: